

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 3

SESION EXTRAORDINARIA DO 4 DE FEBREIRO DE 2010

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Abelairas Rodríguez, Isaura
Caballero Alvarez, Abel Ramón
Calviño Rodríguez, Xulio
Díaz Vázquez, Raquel
Lago Rey, María Jesús
López Atrio, Laura
López Font, Carlos
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
López Carreira, Xesús
Méndez Piñeiro, María
Velo Ríos, Iolanda

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Beiro Diz, Pablo José
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, Elvira
López-Chaves Castro, Ignacio
Martiño Gómez, Antonio
Muñoz Posse, Carlota

NON ASISTE:

González Sagarra, Javier Pablo

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as dez horas e vintecatro minutos do día catro de febreiro do ano dous mil dez, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnen os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Beiro Diz, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña

Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López-Chaves Castro, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz e Veloso Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D^a María Concepción Campos Acuña, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asiste o Sr. González Sagarra. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr. Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG, así como o Interventor Xeral don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

ÚNICO(17).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE APOIO ÁS REFORMAS INTRODUCIDAS POLA LEI 10/2009, DO 30 DE DECEMBRO, DE CAIXAS DE AFORRO DE GALICIA.

ANTECEDENTES.- En escrito asinado polos trece compoñentes do Grupo municipal do Partido Popular, de data de entrada no Rexistro Xeral do 28 de xaneiro, documento número100012226, presentan a seguinte moción:

“Os concelleiros do Grupo Municipal Popular abaixo asinantes, tendo en conta a actuación unilateral do Alcalde na convocatoria dunha manifestación en relación coas reformas das Caixas de Aforro de Galicia e sendo necesario que os cidadáns coñezan a postura do Pleno do Concello, como órgano de representación política de toda a cidade de Vigo, así como tamén o posicionamento de cada un dos grupos municipais sobre este asunto para que poidan ter a máxima información e actuar en liberdade e coa máxima responsabilidade.

Ante a polémica xurdida dada a importancia que para Galicia ten a

reestruturación do sistema financeiro e mercede ao artigo 46 2.a da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, o Grupo Municipal do Partido Popular solicita que o Alcalde convoque Pleno Extraordinario da Corporación Municipal, antes do día 9 de febreiro, coa seguinte orde do día:

1.- ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO: O Pleno da Corporación Municipal de Vigo manifesta o seu apoio ás reformas introducidas pola Lei 10/2009, do 30 de decembro, de modificación do Decreto Lexislativo 1/2005, do 10 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido das leis 7/1985, do 17 de xullo e 4/1996, de 31 de maio, de Caixas de Aforro de Galicia, aprobada polo Parlamento de Galicia o 29 de decembro de 2009.”

DEBATE.- A PRESIDENCIA: Lémbrolles que o mecanismo de intervencións que usaremos será: empezará o representante do Partido Popular, intervirán logo os grupos do BNG e do PSOE. As primeiras intervencións serán tamén de dez minutos. Intervirá o Partido Popular con respostas BNG-PSOE durante cinco minutos e rematará o Partido Popular durante tres minutos.

SR. FIGUEROA VILA: É continuar co debate do tema da fusión das caixas. Nós consideramos que onde se teñen que facer os debates é no seo deste Pleno, nesta Corporación e por iso fixemos a solicitude da convocatoria dun Pleno extraordinario, para debater neste caso o apoio á modificación da Lei de caixas que se instou ó Parlamento por os tres grupos políticos en Santiago. No día de hoxe nós queremos ratificar o acordo. Polo que lin nos medios de comunicación sei que hai varias propostas. Estamos dispostos a escoitalas sempre que acheguen propostas nesta mesma dirección e así o imos facer.

Sr. Alcalde, o motivo de solicitar este Pleno é porque nós somos moito máis responsables ca vostedes porque sabemos que todos estes datos económicos o único que os manexa é o Banco de España e ás veces nin el, ás veces só os núcleos duros das propias caixas, nin os propios consellos de administración e evidentemente moito menos a cidadanía. Por iso este é un problema de confianza e cando se xera desconfianza repito que pode acontecer o mesmo que en EEUU coa compañía de seguros ou con esta entidade importante que antes nomeei de Lehman Brothers na que o día anterior todos os ratios eran realmente positivos e ás corenta e oito horas crebou o banco. Quen nos di que no sistema financeiro español non poida acontecer o mesmo? Aconteceu en Caja La Mancha

e ó final o Banco de España tivo que intervir.

Hai unha cuestión moi clara: se o Banco de España, que é quen ten a potestade para intervir as caixas e os bancos, non o fai é porque entende que a situación é razoablemente positiva. O Banco de España está puxando unha reestruturación das caixas Sr. Alcalde, o seu gobernador é do seu partido e ademais neste caso é a primeira vez que un gobernador do Banco de España ten carné dun partido político, do Partido Socialista e polo tanto non ten que ser sospeitoso para vostedes que diga todo o que está a dicir.

O gobernador do Banco de España di que as entidades que non teñan como mínimo 50.000 millóns de euros de activos non poderán sobrevivir a esta situación. Pero a Unión Europea e o gobernador do Banco de España din algo máis, teño algunhas frases coma a de que “Haberá un tsunami regulatorio segundo”. Iso é o que non di vostede, si está dicindo que hai fusionés de caixas ou SIPs que están por debaixo dos 50.000 millóns de euros. Claro que os hai pero o que acontece é que haberá unha segunda regulación, iso é o que vostede non di á opinión pública porque sabe que o Banco de España está dicindo en todos os escritos que teñen que estar por riba dos 50.000 millóns de euros de activos. Aí está a trampa que lle quere trasladar vostede á opinión pública, non di que haberá unha segunda regulación e que desas corenta e cinco caixas que agora quedarán vinte e tantas, acabarán quedando dez ou tres ou catro.

A pregunta é, por que o goberno de España non recorre as leis e paraliza os procesos de fusionés en Andalucía, Cataluña e no País Vasco? É que os galegos somos de terceira división? Os vigueses somos de segunda división? Sr. Alcalde, vostede vai ter un problema gordo porque vai ser o responsable de que Caixanova desapareza de Vigo. Non imos ser nós porque de houberen un partido que apoiou a Caixanova ese foi sempre o Partido Popular. Dende a Xunta de Galicia sempre se apoiou a reestruturación proposta polo Sr. Gayoso e os seus directivos. Dende este grupo político colaboramos sempre na toma de decisións de acordo con Caixanova das persoas que ían á asemblea e ós consellos de administración.

Cando o Partido Popular chegou no 2004 ó goberno da cidade de Vigo, sabe vostede que na lonxa do Concello non había ningunha oficina de Caixanova

porque un alcalde socialista a dedo impuxo a Caixa Galicia? Non o sabe pero un alcalde socialista impuxo a dedo que Caixa Galicia fose a única sede que estivese na lonxa deste Concello e o Partido Popular restaurou esa situación. Vostede sabe que contra o seu grupo político o noso grupo adxudicoulle un pazo de congresos a Caixanova e ós seus asociados. Vostedes puxeron todos os atrancos posibles para que fora para Caixa Galicia.

Pero mesmo esa é unha cuestión menor, o importante é que como se recorra esta lei se vai paralizar durante cinco meses este proceso e de se recorreren o 10 ou 15 de febreiro pasamos ó 15 de xullo e o que acontecerá será que as entidades galegas non poderán acudir ó FROB do necesitaren. Ese é o problema real, é o engano no que están vostedes inmersos, queren enganar e manipular á opinión pública.

Sr. Alcalde, ademais vostede para nós non é de fiar. Falaba agora de emprego pero hai dous anos prometeu o pleno emprego na cidade de Vigo e os datos que ten agora reflicten 11.000 parados máis, o 56% máis de paro nesta cidade. Sabe porque tamén é sospeitoso? Porque lle dá igual. No ano oitenta e pico dicía unha cousa cando era candidato pola provincia da Coruña, foi nomeado fillo adoptivo da cidade da Coruña por defendela pero agora lle dá igual e mañá defenderá outra cousa.

Cando se presentou á Xunta de Galicia amosou claramente que non tiña capacidade para xestionar Galicia e agora está aí lexitimamente coma Alcalde pero non esqueza nunca que ten nove concelleiros e que quen lle está dando apoio é o Bloque Nacionalista Galego con cinco. Respecte ese escenario que ten esta Corporación. Vostede non actúa correctamente porque sabe que a Corporación non o apoia pero sabe máis, sabe que tampouco os colectivos sociais. Dígolle claramente que entre o luns, martes e mércores eu recibín a máis de douscentos colectivos da cidade de Vigo e pódolle asegurar que deses colectivos unha porcentaxe moi elevada queren o mellor para Vigo e Galicia e queren a fusión.

Onte se demostrou nunha asemblea de preto de douscentos empresarios na que máis dun 70% adoptaron a decisión da fusión e dixéronlle ó presidente que non era o voceiro de todos porque non convocara ningunha asemblea para tomar esa

decisión. Está aí a decisión do Consello Económico e Social pero evidentemente vostede non ten o apoio da maioría social desta cidade, como tampouco o da Corporación e así se acaba de demostrar. Repítolle que non ten a lista máis votada, ten vinte mil votos menos que o Partido Popular e nós pedímoslle que nos respecte, que respecte a nosa posición política.

Dende o Partido Popular defendemos a fusión porque cremos firmemente e confiamos plenamente no presidente, Sr. Núñez Feijóo porque é unha persoa que tomou libremente a decisión de vivir nesta cidade e foi número un pola nosa provincia, non coma vostede que foi fillo adoptivo da Coruña e número un pola provincia da Coruña no seu día. Entendemos que co apoio do presidente, Sr. Núñez Feijóo, e por suposto tamén teño que dicir que malia as distancia que temos o Bloque Nacionalista e o Partido Popular, moita distancia en moitos criterios e cuestións, isto non é froito dunha decisión improvisada, é porque todos queremos o mellor para Galicia e para Vigo.

Ten que facer esa reflexión, Sr. Alcalde, porque nós queremos a fusión porque entendemos que é a supervivencia de Caixanova e os seus órganos de dirección terán que ter a representación nesa nova caixa, a sede da nova caixa terá que ser consensuada e Vigo terá moito peso á hora de tomar esa decisión.

Sr. Alcalde, para nós vostedes son pouco de fiar, mentres gobernaron en Galicia o que aconteceu con dúas empresas importantes, Fenosa e Pescanova, foi que se tiveron que ir de Galicia. Iso dóelles pero Fenosa se foi de Galicia e Pescanova tivo que ir Portugal por culpa de vostedes. Son de fiar vostedes? Non o son, dálles exactamente igual. Dúas das empresas galegas, españolas e internacionais máis importantes coma é Fenosa que marchou a Cataluña e Pescanova que tivo que emigrar para facer a súa produción en Portugal. Vergoñoso.

Pero, como vostedes poden facer esa defensa? Non son de fiar, entregan a Caixanova a Madrid ou Barcelona por un puñado de votos.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Gustaríame que cando falemos de temas tan serios e importantes coma este que fuxamos da frivolidade pero tamén da demagogia; que vaíamos cara o que a cidadanía de verdade quere de nós, que lle

expliquemos ben as cousas e que digamos claramente que se pode facer. Se falamos de programas pagados ou non eu diríalle ó Sr. Figueroa que pida para si porque o BNG xa sabe pedir por si mesmo. Non precisamos nin medios, nin programas enteiros na televisión, o noso é o contacto directo coa cidadanía, gústanos bastante máis que saír na televisión.

Imos ver se somos quen de lle explicar á cidadanía o que quere escoitar, que escenarios temos e que é o que se pode facer.

Sr. Alcalde, vostede pode garantir aquí, neste Pleno da Corporación que Caixanova non vai ir a un SIP?

Dicía o Sr. Figueroa que el se fiaba do Sr. Núñez Feijóo pero eu non. Agochou Caixa Galicia-Caixa Andalucía. Vostede non está a dicir que dende xa hai tempo hai negociacións de Caixanova con Caja Cantabria, con Caja Astur, ou iso é falso? Para que son esas negociacións senón para establecer un SIP? Ou para que están negociando? Dio o presidente de Caixa Cantabria nunhas declaracións públicas que están en negociacións con Caixanova para establecer unha alianza, un a SIP. Entón non podemos confundir á cidadanía. Caixanova non pode seguir soa, agás que vostede garanta aquí que Caixanova non vai ir un SIP. Polo tanto a solución é ou a fusión ou un SIP con caixas cun poder central de decisión en Madrid, nin en Vigo, nin en Galicia. Esa é a solución.

Sei o que é un SIP porque me informo e leo as cousas, sei perfectamente o que é un SIP e como o sei perfectamente non o quero para a miña caixa porque sei que vai perder poder de decisión e porque as empresas, os sectores económicos desta cidade van ter que ir negociar os préstamos cara Madrid ou Cantabria. Por que os empresarios se manifestan a favor da fusión? Porque saben que os créditos non os conceden os directores dunha oficina, senón os servizos centrais das caixas, servizos centrais que se van ter que cuadruplicar de ir a un SIP e iso quererá dicir tamén que imos recortar persoal.

Sr. Alcalde, fale de emprego, dos novecientos traballadores dos servizos centrais de Caixanova que de haberen un SIP ou se teñen que deslocalizar e saír cara fóra, ou perden o seu posto de traballo. Todos os sistemas centrais desas caixas que formen o SIP vanse integrar nun sistema central con poder de decisión en Madrid. Por iso os empresarios non queren iso e si a fusión; por iso os

traballadores tampouco o queren e si a fusión porque queren seguir traballando aquí, na súa terra. Voulles dar un dato: xa hai máis de duascentas persoas que Caixanova está mandando a vinte e cinco, trinta ou corenta quilómetros dicíndolles que a cuestión é temporal para que se vaian formando. Por iso os traballadores non queren o SIP.

Repito que se vostede é quen de garantir aquí que Caixanova non vai ir a un SIP, dígao. Eu o que si son quen de garantir no nome do BNG é que xamais o BNG aprobará unha fusión, xamais daremos apoio a unha fusión que non deixe a Caixanova con poder de decisión en Vigo e en Galicia. Iso é defender esta cidade. Estamos iniciando un proceso que non remata aquí. Vostede citaba oito SIPs que non chegan a eses activos pero a fusión si que chega. A mesma auditoría que algúns desprestixian, a mesma metodoloxía, os mesmos criterios que se tomaron para esa auditoría, están avalados polo Banco de España noutras auditorías que se fixeron para a fusión, polo tanto non falemos de solvencia porque a fusión garante a solvencia e garante que en troques que Caixanova con ese SIP quede entre a décimo terceira ou décimo cuarta caixa do Estado, poidamos ter unha de quinta porque hai un seguinte proceso.

Non diga vostede que non porque o coñece, porque é compañeiro de partido do presidente do Banco de España e non o dicimos os do BNG, dio o Banco de España, o propio goberno, o seguinte proceso para que queden cinco ou seis caixas coma moito. Recorren a lei precisamente para evitaren que Galicia se fortaleza, que teñamos unha entidade forte en Galicia e que poidamos aguantar o tirón do segundo proceso porque é moito máis fácil comerse a peixes pequenos que a un grande. Esa é a razón do recurso da lei, non outra.

A razón é: “Non permitamos que nos veña agora unha autonomía cun poder financeiro forte porque a ver coma a absorberemos logo cando fagamos a seguinte reestruturación”. Por iso se recorre a lei. Como non se vai poder chegar ó FROB, como en cinco meses non imos dar resolto no Constitucional, as dúas caixas galegas quedan sen FROB e polo tanto a solución é a absorción.

Caixa Galicia é máis do Partido Popular, Caixanova máis da órbita do PSOE e ese foi o reparto que se fixo hai dous anos e unha vez máis nin o Partido Popular, nin o Partido Socialista deixan que Galicia teña o que teñen outros territorios. Esta é

a clave en primeiro lugar pola que se recorre a lei e en segundo lugar pola que o Sr. Núñez Feijóo, de quen eu non me fío, a día de hoxe non é quen de recorrer ó FROB porque está todo pactado para que nesas cinco caixas que sexan as resultantes do seguinte proceso Galicia non estea. Ese é o pacto do Partido Popular e do Partido Socialista. Se iso é defender Vigo que veña Deus e o vexa.

A PRESIDENCIA: Coido que as cousas van quedando claras porque a estas alturas do debate xa sabemos que Caixanova é solvente e aguanta francamente ben, nin tan sequera con dúbidas e aguanta sen recorrer a recursos do Banco de España. Polo tanto se alguén ten moita présa porque hai que recorrer a recursos do Banco de España que digan quen é porque Caixanova non. Caixanova non ten nin pouca nin moita présa, sinxelamente non vai ir a recursos do Banco de España.

En segundo lugar os elementos que van quedando no debate. O Sr. Figueroa segue divagando. Na historia da democracia eu fun a persoa que máis veces se presentou pola provincia de Pontevedra encabezando unha lista e a primeira persoa por esta provincia que se presentou para a Presidencia da Xunta de Galicia. As cousas claras.

A partir de aí, claro que importa a confianza, claro que a confianza é clave neste proceso pero hai que explicar por que Caixa Galicia e Caixa Madrid chegaron a un acordo de fusión, hai que explicar por que se agochou porque é parte clave deste debate político.

Pero estamos falando dunha nova lei de órganos de goberno en Galicia. Esa lei elabórase co único obxectivo de desaloxar ós directivos actuais de Caixanova porque se negaron á fusión, substituílos por outros que a acepten e facer a fusión. A lei iníciase e faise a velocidade moi rápida no momento que os actuais órganos de goberno de Caixanova, algúns saíndo deste Pleno, dixeron que non ían ir á fusión porque Caixanova ten un proxecto solvente, autónomo, vigués e galego. Dixeron algo máis, dixeron que a caixa fusionada corría serio perigo como todos os datos avalan. A resposta a isto dende o goberno de Galicia, sábeo todo o mundo, foi unha rápida lei encamiñada a cambiar os órganos de goberno de Caixanova por outros que sexan máis submisos ás directrices políticas e apoiem a fusión. Esa é a causa da lei que, por certo, vai ser unha causa de anulabilidade

dunha parte importante da lei porque as leis non se poden facer cos obxectivos de substituír órganos de goberno non submisos. Esta é unha das causas pero hai máis.

Insisto en que Caixanova ten volume para aguantar exactamente igual que o Banco Pastor, teñen o mesmo volume de activos. Pero hai máis, claramente establecido polo Banco de España non vai haber segunda regulación de caixas de aforro; unha e remata ata o mes de xuño por iso retira o FROB. Por iso Bruxelas di que deixan ata xuño e a partir de xuño ningunha máis, polo tanto non haberá mecanismo de apoio e significa que cada caixa fará o que queira facer.

Por certo, Caixanova cos seus órganos de goberno garantiulle que pode permanecer independente, con futuro, en Vigo e galega. Pode firmar xa porque lle dixeron dende a propia Caixanova no Consello Social que aguanta. Por certo, todos os analistas económicos deste país saben que Caixanova é unha caixa que aguanta ben e que non vai recorrer ó FROB e cando alguén lle falou tamén a Caixanova de ir a un SIP contestaron e dixeron que nestes momentos tiña acordos desas características firmados nos últimos dez anos en torno a catorce e vinte convenios.

Pero o gobernador do Banco de España dixo máis, dixo que non era unha bancarización. A Consellería de Facenda de inmediato quitou a argumentación do medio. Pero hai algo máis: é reversible na lei e o que acontece, Sr. Figueroa, é que o Banco de España quere que non sexan reversibles se recorren ó FROB, pero non vai recorrer o de Caixanova, se o fai non recorre, é unha alianza voluntaria de empresas que deciden exactamente igual que os catorce ou vinte existentes que van facer en común, por exemplo un proceso de endebedamento. Xa está en marcha isto, está funcionando dende hai moitos anos. Por certo, Caixanova é dona dun banco, xa ten ese proceso en marcha e ninguén dixo nada. Un banco que se consolida nas contas de Caixanova, nos seus beneficios e fai que os consolidados aumenten en corenta millóns de euros. Entidade sólida e solvente.

Pero vaíamos á lei e ós órganos de goberno que deseña porque dicir que despois defendamos a presenza dos órganos de goberno da caixa fusionada en Vigo é unha entelequia porque na lei xa ven como se compoñen os órganos desa caixa

fusionada, xa está, xa se di e, saben vostedes como son os números? Voullos dicir. Neste momento este Concello, os que estamos aquí no Consello de Administración de Caixanova de dezanove temos dous. Na nova lei de vinte e cinco teremos un en Caixanova; na caixa fusionada de vinte e cinco cero. Iso é defender esta cidade.

Pero vou seguir dicindo que neste momento nos órganos de goberno de Caixanova practicamente todos os seus integrantes saen desta cidade e deste territorio. O que vai pasar na caixa fusionada e que practicamente desaparecen e ocúpase en termos de impositores en torno á relación dous a un o norte con respecto a nós porque Caixa Galicia é case o dobre que Caixanova e polo tanto a entidade do norte en impositores vai ter o dobre de peso que temos no sur. Nos órganos que emanan dende o Parlamento de Galicia hai a mesma proporción pero ademais este Concello queda fóra do consello de administración da caixa fusionada. Esa é a lei.

Voulles dicir máis porque este Concello de Vigo e esta cidade temos unha característica clave e determinante; somos entidade fundadora, a única das caixas de Galicia conxuntamente con dúas deputacións que diso falaremos tamén xuridicamente no seu momento. Na lei elaborada no Parlamento acontece que de entrada se nos baixan 7,5 puntos coma entidade fundadora pero a lei abre a posibilidade de que desaparezcamos. Di que se o estatuto de Caixanova-Caixa Galicia ou da fusionada lle baixa unha soa décima do 10% que nos asignan, pasamos a ter cero.

Xa lle anuncio a toda a cidade que o imos recorrer porque este Concello como fundador ten que ter toda a súa presenza e a proporción que tiña ata agora. Os fundadores queremos polo menos o 17,5% e nos baixan a cero. Lean e estuden a lei. Dígolles máis, espero que o goberno de España a recorra mañá porque xa lles anuncio que este alcalde a vai recorrer. Por certo, en vinte puntos de inconstitucionalidade, o dobre que o goberno de España porque toda a parte de defensa deste Concello ímola recorrer enteira, dende o principio ata o final. Imos poñérmonos ó fronte da defensa dos intereses dos impositores de Vigo e da cidade de Vigo que nos vota para defender esta cidade.

No órgano de goberno da caixa fusionada estamos fóra e non teremos

capacidade de premer porque a decisión de quen goberna a caixa fusionada xa está tomada por tamaño, que non por solvencia, e a entidade fundadora á rúa, fóra, desaparecemos en número moi importante coma impositores e desaparecemos de todo como fundadores. Esa é a defensa que nós imos facer, a que hai que ter en termos de cidade, garantir a presenza da cidade.

Quérolles dicir máis, que foi a propia Caixanova a que dixo que se neste territorio aguanta unha caixa esa é Caixanova, se pervive unha caixa é Caixanova e a fusión, señores e señoras concelleiros, nace tocada porque o que acontece con esta “extraordinaria” auditoría é que ós dez días de seren encargada, cando non se rematara nin tan sequera o estudo de campo, un xornal galego daba o resultado da auditoría en primeira páxina dicindo: “A auditoría avala a fusión”. Non se rematara aínda o traballo de campo e xa se sabía o resultado final. Pero o presidente, Sr. Núñez Feijóo, dixo que esta auditoría antes de seren publicada ía seren entregada ás entidades auditadas e ós grupos políticos.

Caixanova neste momento non ten a auditoría, non a puido contestar nin argumentar porque a gardan agochada na Consellería de Facenda. Non nos fiamos porque esa auditoría existe pero está no Banco de España e o gobernador dixo en Vigo: “Non me entreguen ningún papel, non me entreguen ningunha auditoría. Nós sabemos os datos de todas as caixas de aforro de Galicia e de España. Non necesitamos ningunha auditoría, sinxelamente céntrense porque se presentan unha fusión insolvente, a adornen coma a adornen, non lla imos aceptar”. Neste momento confío que o Banco de España, a CECA e o Consello de Estado hoxe estean avalando o proxecto de intervención nos xulgados do Tribunal Constitucional do goberno de España.

Eu espero e confío que recorra o goberno de España mañá porque o alcalde de Vigo vai recorrer.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Alcalde, o Sr. Almunia equipara a España con Portugal e Grecia; esa é a nova de hoxe. Non nos podemos fiar de vostedes porque vostedes nos levaron a esta situación, porque non souberon adoptar as medidas necesarias no momento xusto e oportuno, porque negaron a crise e agora queren ser os salvadores desta situación. Non, porque a xente non se fía de vostedes. Sr.

Alcalde, vostede di tantas mentiras e tantas falsidades que é imposible aguantar e non contrarrestalo.

Léolle: “O Banco de España díxolle á Xunta que os SIPs deben acabar en fusión”. Iso é o que di o Banco de España pero vou seguir con máis: “Caixanova explícalles ós seus empregados a idoneidade dun SIP por menor impacto laboral e conservar poder de decisión”. UXT: “Caixanova e Caixa Galicia convertéronse en casais particulares e como tales pretenden seguir. É unha das fases do comunicado que lanzou onte a sección sindical da UXT nas caixas. A central explicou que prefire unha fusión se a situación económica o aconsella, pero nunca unha alianza a través dun SIP”. Carta de D. José Luis Pego ós empregados trala reunión cos sindicatos: “O director de Caixanova anuncia ós sindicatos que non podemos seguir sós”. Mente o Sr. Pego? Quen mente é alcalde.

“A balear Sa Nostra revela que analiza un SIP con Caixanova e outras tres caixas”, nova do 3 de febreiro. “O deputado Abel Losada censurou que a Xunta leva a cabo unha campaña de bloqueo e de confrontación cara Vigo. Insistiu en que unha alianza a través dun SIP permitiría ás caixas galegas manter a súa marca”. D. Abel Losada é un deputado autonómico do Partido Socialista e man dereita do Sr. Alcalde. O que di o Sr. Alcaldei: “O alcalde defende que é a mellor solución para a entidade galega (falando do SIP). Mantería en Vigo a súa sede, órganos de dirección, domicilio social e obra social e pagaría aquí os seus impostos”. O alcalde de Vigo tamén defende un SIP.

Declaracións do Sr. Caballero: “Un SIP mantería a Caixanova en Vigo”. Sr. Gayoso: “Presentou o presidente un SIP reversible con Caja Murcia e Caja Astur, fórmula que levaría a sede a Madrid”. O Sr. Gayoso é o presidente de Caixanova. “Caja Navarra, Caja Canarias, Caja de Burgos e Sa Nostra forman un grupo que se vai chamar Banca Cívica”.

Sr. Alcalde, mente e falsea a realidade que recollen todos os medios de comunicación que son os notarios desta actualidade. Non nos estraña que o faga porque vostede está acostumado ó “chavismo” puro nos medios de comunicación, dígollo con total lealdade. Pero tamén lle digo que claro que este é un tema importante porque nós non temos fórmulas de nos comunicar cos cidadáns de non seren a través dos medios de comunicación.

Repítolle que entre luns, martes e mércores reunímonos con máis de cen colectivos e pódolle asegurar que a conclusión á que chegamos foi que máis do 80% quere a fusión e por iso lle pido e rétoo aquí a que dea autorización ós medios de comunicación que vostede ten pagados para que nos dean a parte que nos corresponde dentro desta Corporación para poder informar e comunicar ós cidadáns e cidadás de Vigo cal é a posición do noso grupo. Grupo que ten preto de 70.000 votos, 20.000 votos e catro concelleiros máis ca vostede.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. Alcalde, segue sen dicir algo e non sei cantas veces o teño que repetir. Asegúrenos nesta Corporación que non vai haber SIP porque vostede di “aguanta”, nós tamén dicimos que Caixanova aguanta pero é que non a están deixando aguantar, o Partido Socialista non a deixa aguantar. Claro que aguanta, claro que é solvente, déixena que camiñe soa, quiten ese límite, quiten o FROB. Pero ese non é o problema, o problema é algo que vostede acaba de dicir literalmente e que eu non podo compartir: “...e despois que cada caixa faga o que teña que facer”. Iso para min é unha irresponsabilidade porque, como que cada caixa faga o que queira? Así nos viu esta crise financeira porque os bancos fixeron o que quixeron e moitas das caixas en troques de investir en obra social ou en sectores produtivos básicos, investiron en cemento.

O BNG non está de acordo con iso porque as caixas de aforro non son patrimonio dos seus cargos. Caixanova non é do Sr. Gayoso, nin Caixa Galicia do Sr. Méndez. As caixas de aforros son entidades que son dos que teñen e temos os aforros nelas.

Por iso cando se fala dunha nova lei de caixas que nós apoiamos, quero lembrar só que se fixo á présa e con urxencia, quero lembrar que o Partido Socialista Obreiro Español votou a favor desa urxencia porque era urxente, porque o BNG fomos a forza política que propiciou que se fixera unha nova lei presentando xa unha proposición en outubro pola razón de que queríamos precisamente ter un instrumento que defendera ás nosas caixas e que fora o Parlamento Galego quen xustificara un SIP ou non a outro SIP precisamente para manter o poder de decisión en Galicia.

Eu teño aquí diante a Lei de caixas e di: “...Corporacións locais en cuxo termo

teñan a oficina as entidades un 20%. Entidades fundadoras ata o 10%. Impositores o 30%". Como estaban elixidos antes os impositores, quen eran impositores? Aquí semella que antes calquera cidadán que tivera unha conta en Caixanova ou en Caixa Galicia podía acceder a un consello de administración ou a unha asemblea xeral. Non era así, precisamente as asembleas e os consellos de administración estaban feitas a dedo para que os cargos se perpetuaran como o fixeron durante os últimos corenta anos.

Nós dicimos que queremos democratizar as caixas, que os impositores vaian a sorteo, que quen teña unha pequena conta aínda que non saiba ler poida ter a mesma oportunidade que o gran millonario sinxelamente por seren afín ós cargos que gobernaban as caixas, tanto en Caixanova coma en Caixa Galicia. Quen formaba parte das asembleas? Por que o presidente do consello de administración se mantiña sempre tanto en Caixanova coma en Caixa Galicia? Por que o Sr. Méndez en Caixa Galicia ten ós seus dous fillos nos altos cargos? Porque os consellos de administración e as asembleas xerais se facían a dedo.

Caixanova ten impositores en toda Galicia e Caixa Galicia tamén ten impositores en Vigo, ou é que un vigués porque teña unha conta en Caixa Galicia se lle vai negar o dereito a poder representar a Vigo?

Polo tanto nós apostamos pola Lei de caixas, coidamos que era necesario un instrumento que modernizara e democratizara as caixas e que non seguira acontecendo o mesmo que ata agora porque estamos noutro contexto financeiro no que hai que fortalecer a estrutura financeira galega e como se vaian con outras, tal e como queren o Partido Popular e o Partido Socialista, non é que non fortalezcamos o sistema financeiro, quedarémonos sen sistema financeiro galego.

Coma é a última intervención, para rematar lle quero dicir ó Sr. Figueroa que tal e coma está a súa moción non a imos apoiar porque nestes momentos o que vostedes presentan aquí é un absoluto brindé ó sol. Esta Corporación xa se manifestou unanimemente aquí a favor dunha nova lei de caixas, pero isto é un brindé ó sol se a Xunta de Galicia inmediata e urxentemente non recorre o FROB. Polo tanto nós propoñemos o apoio ás reformas introducidas pola Lei de caixas engadíndolle unha emenda: "...e instar á Xunta de Galicia a que recorra urxentemente o FROB". De se aceptaren estaríamos loxicamente dando un paso

para fortalecer e defender. O que presentan vostedes é sinxelamente un brinde ó sol e nestes temas o BNG xamais o fixo porque está en xogo a defensa de Vigo, de Galicia e de Caixanova.

A PRESIDENCIA: A estas alturas as cousas están moi claras. Se hai que asegurar unha caixa galega imbricada en Galicia, enlazada co tecido produtivo e achegando créditos e investimentos para manter emprego en Vigo, no sur de Galicia e en Galicia, iso faio Caixanova. Se queremos ter a garantía de que unha caixa galega sobrevive a este proceso hai que apostar por Caixanova porque a fusión deixará a Galicia sen caixas de aforro e acabará o Sr. Rato dende Madrid facendo un acordo de absorción da caixa fusionada, exactamente igual que neste momento teñen acordada unha fusión Caixa Madrid e Caixa Galicia. Iso é o que se trata de evitar, que isto acabe sen ningunha entidade financeira en Galicia porque hai unha que xa sabemos que aguanta e por certo, non se quería recoñecer e mesmo aínda algúns para tentar pular a fusión seguen sen querer recoñecer que Caixanova é solvente, capaz, galega, viguesa e imbricada neste territorio.

Por iso dende aquí, dende este Concello, dende esta cidade e dende este territorio temos que seguir apoiando á que durante os últimos cento trinta anos estivo imbricada co tecido produtivo porque nós queremos que esta caixa de aforros siga facendo en termos de lealdade económica con este territorio o que fixo ata agora. Que siga presente nos estaleiros, no naval, na pesca, na industria, na industria auxiliar do automóbil, no comercio, nas industrias de provisión alimenticia, no sector da alimentación, no hostaleiro... Case que o 35-40% dos créditos de Vigo dáos Caixanova.

Esa realidade pode ser radicalmente alterada pola fusión porque coa lei de órganos de goberno que agora se somete aquí a votación para os efectos do apoio político, Vigo desaparece dos órganos de goberno da caixa fusionada, abonda con ler a lei. Cando o Sr. Domínguez Olveira ó falaren da entidade fundadora dicía "...ata o 10%", xa nos baixan do 17,5 ó 10, pero o artigo continúa: "...segundo figure nos estatutos da caixa". Son os estatutos da caixa os que decidirán o que teremos. E segue dicindo que no caso de non acadar o 10%,

se nos baixan unha soa décima os estatutos, a súa representación atribúese á Comunidade Autónoma de Galicia, quítanlle a representación e os votos a esta sala, a este Pleno, á democracia de Vigo e dánllos a Galicia. Nolos quitan a nós para seguir fozando a relación económica entre Caixanova e Vigo e lévanos ó resto de Galicia.

O que está a pasar é que hai un proxecto político de utilizaren Caixanova para tapar un problema financeiro do norte de Galicia e por iso a tensión da fusión aparece no norte de Galicia durante meses, preconizada dende alí para utilizar Caixanova, para veren se son quen de lle dar un ano máis de percorrido á entidade resultante que ó final (e a auditoría está agochada) acabará en Caixa Madrid. Isto sábeo todo Vigo, é un clamor nesta cidade, é un clamor que algúns dos representantes que están aquí en troques de estar a defender á cidade, ós que nos votaron, á xente normal que está en Vigo agardando a nosa defensa, están atendendo ós intereses políticos dos seus partidos en Galicia.

Esta é a realidade do que está a pasar nestes momentos en Vigo, isto ó que a xente di coma un clamor, é o que todo Vigo está a repetir continuamente e pídennos que actuemos. Eu dígolles que actuemos todos os que estamos aquí, os vinte e sete concelleiros e concelleiras, todos xuntos defendendo esta cidade, defendendo a permanencia desa institución financeira porque estamos falando de dignidade, da nosa dignidade, de que nos intentan impoñer un proceso de retirada aforro que está quedando no sur de Galicia, en Vigo e en toda Galicia, para que esa decisión se tome dende o norte.

Con esa decisión de fusión iríase o 70% da obra social que se usa en Vigo. Clubs deportivos, asociacións veciñais, culturais, cidadáns están en contra, todo Vigo é un clamor en contra desta fusión. Eu pídolles ós que estamos aquí que sexamos leais cos que nos votaron e que nos opoñamos a ela.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Alcalde, hoxe descubrín outra faceta de vostede: parece un *hooligan*, este semella un debate Deportivo-Celta pero non é así e por desgracia quen financia ó Deportivo é Caixanova. Pero ese non é o debate, vostede está atacando á cidade de Vigo, a Caixanova; está buscando a confrontación e a fractura social na cidade de Vigo única e exclusivamente por un

puñado de votos. Pero a historia porao no seu sitio porque vostede mente permanentemente. Agora di que non defendeu un SIP. Si que o defende porque o único que quere é xerar conflito, non lle importan as caixas, o único que lle importa é buscar a confrontación.

A segunda conclusión que saquei hoxe é que no Partido Socialista a descomposición chega a tal grao que non teñen nin unidade de criterio, nin discurso. Vostede non ten que debater aquí este tema, seguramente o tería que debater con outras persoas. Está mentindo no da representación porque vostede non ten peso político en Galicia, porque o Partido Popular vai ter máis representantes da cidade de Vigo nos seus nomeamentos que ata agora, imos pasar de dez a quince representantes. Pero o que non di é que os representantes do Partido Socialista galego non contan con vostede, só uns poucos de Vigo.

Sr. Alcalde, vou facer algunha afirmación. Eu sei como se fixo a composición nos últimos anos das asembleas de Caixanova. Fixéronse a dedo, non democraticamente. Ese é e foi sempre o gran problema. Do que non fala vostede é dos beneficios que teñen as caixas.

Claro que nós coa fusión o que pretendemos é defender a supervivencia de Caixanova e que os órganos de representación e de dirección da nova caixa teñan o peso que lle teñen que dar a Vigo. Ese é o debate que vostede non quere facer. Temos que falar das sedes que é o debate que lle preocupa á xente, onde van ser as sedes e que vai ter cada unha das caixas.

Sr. Alcalde, coa decisión que vai tomar, aínda que non está apoiado pola maioría social desta cidade porque nós tamén tivemos contactos cos distintos colectivos, vai facer que Caixanova desapareza, que se cre un SIP entre Caixanova e outras entidades, que se converta nun banco e que se suprima a obra social. Iso é o que non lle di vostede á poboación, está inmerso noutra campaña. A campaña de vostede non é a defensa de Caixanova, nin do sistema financeiro galego, a súa campaña é única e exclusivamente electoralista.

Sr. Alcalde, non se pode vender Caixanova por un puñado de votos.

A PRESIDENCIA: Por favor, pronúnciese sobre a emenda que propón o Grupo do BNG.

SR. FIGUEROA VILA: Paréceme correcto porque as dúas cousas van unidas: defender a lei de caixas e que se faga ese recurso de non se chegar a un acordo. Pero eu tamén lles quero anunciar e quero que conste en acta que seica hai unha comisión constituída bilateral, Xunta de Galicia e Goberno de España, que hai unha reunión o día 16 para tentar desbloquear este tema, pero en calquera caso parécenos que é unha proposta razoable. Se non se resolve este tema hai que recorrer e polo tanto se se nos pide o noso apoio para instar á Xunta de Galicia a que se faga este recurso, nós estamos dispostos a dalo porque ademais esa proposta xa se formulou polo Parlamento de Galicia.

Polo tanto nós imos aprobar a nosa proposta e parécenos correcto tamén que se inclúa na redacción.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. Alcalde, coma propoñente da emenda gustaríame que o Sr. Figueroa me aclarase se a moción queda tal e como a presentou o Partido Popular máis “Instar á Xunta de Galicia a que recorra urxentemente o FROB”. É así?

A PRESIDENCIA: Ese é o punto segundo da proposta, polo tanto acéptase esta emenda que está escrita pola secretaria do Pleno. Procedemos á votación do acordo que sería do seguinte teor: Primeiro: O Pleno da Corporación municipal de Vigo manifesta o seu apoio ás reformas introducidas pola Lei 10/209, do 30 de decembro, de modificación do Decreto lexislativo 1/205, do 10 de marzo, polo que se aproba o texto refundido das leis 7/1985, do 17 de xullo e 4/1996, do 31 de maio, de caixas de aforro de Galicia aprobada polo Parlamento de Galicia o 29 de decembro de 2009.

Segundo: Instase á Xunta de Galicia a recorrer urxentemente en contra do FROB.

Emenda formulada polo voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, durante o curso do debate:

Engadir á proposta de acordo formulada polo Grupo municipal do PP o seguinte:
Instar á Xunta de Galicia a recorrer urxentemente en contra do FROB, Fondo de

Reestruturación Ordenada Bancaria.

(Está ausente o Sr. González Sagarra, do Grupo Popular).

VOTACIÓN E ACORDO: Con dezasete votos a favor dos membros do Grupo municipal do PP, Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro e Veloso Ríos, e nove votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Manifestar o apoio do Pleno da Corporación ás reformas introducidas pola Lei 10/2009, do 30 de decembro, de modificación do Decreto Lexislativo 1/2005, do 10 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido das leis 7/1985, do 17 de xullo e 4/1996, de 31 de maio, de Caixas de Aforro de Galicia, aprobada polo Parlamento de Galicia o 29 de decembro de 2009.

Segundo.- Instar á Xunta de Galicia a recorrer urxentemente en contra do FROB, Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e vinte e catro minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

S. Extraord. 04.02.10

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.